



Circular 9/2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se dan instrucións para o comezo do curso 2009-2010 nas Escolas de Arte e Superiores de Deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto), e a Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro), polos que se aproba o regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria, e se ditan normas para o seu desenvolvemento, respectivamente, establecen que as Escolas de Arte e Superiores de Deseño rexeranse por este regulamento e polas normas singulares que demanden as súas peculiaridades organizativas.

O Decreto 233/2005, do 14 de xullo (DOG do 12 de agosto) ten por obxecto establecer o currículo dos Estudos Superiores de Deseño e regular o acceso as ditas ensinanzas na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 147/2006, do 31 de agosto, (DOG do 8 de setembro de 2006), polo que se modifica o Decreto 156/2002, do 18 de abril, establece os prezos públicos dos conservatorios de música, centros autorizados de música, conservatorios de danza, centros autorizados de danza, escolas oficiais de idiomas e a Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

O Decreto 124/2007, do 28 de xuño (DOG do 29 de xuño), ten por obxecto regular o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

A Orde ECI/3058/2004, de 10 de setembro, (BOE do 27 de setembro) regula determinadas validacións de módulos dos ciclos formativos de Artes Plásticas e Deseño conforme á Lei 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.

A Orde do 25 de abril de 2007 (DOG do 9 de maio) ten por obxecto regular a avaliación, a acreditación académica e a mobilidade do alumnado que cursa as ensinanzas superiores de Artes Plásticas e Deseño e as de Conservación e Restauración de Bens Culturais na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde do 25 de xuño de 2007 (DOG do 11 de xullo), regula o acceso e a admisión ás ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño.

A Orde do 17 de xullo de 2007 (DOG do 17 de xullo) regula a percepción do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.



A Orde do 6 de marzo de 2008 (DOG do 18 de marzo), pola que se regula o acceso e a admisión ás ensinanzas superiores de deseño.

A Orde do 15 de xullo de 2008 (DOG do 6 de agosto), pola que se regula o desenvolvemento do proxecto final de carreira dos estudos superiores de deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde do 16 de xullo de 2008 (DOG do 31 de xullo), pola que se regula a oferta das materias optativas dos estudos superiores de deseño previstas no Decreto 233/2005.

A Orde do 1 de decembro de 2008 (DOG do 9 de decembro), pola que se regula a organización, a avaliación e a acreditación académica das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Resolución do 1 de xuño de 2009 (DOG do 17 de xuño), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado aos estudos superiores de deseño para o curso 2009-2010.

A Resolución do 1 de xuño de 2009 (DOG do 17 de xuño), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas de artes plásticas e deseño para o curso 2009-2010.

A Orde do 10 de xuño de 2009 (DOG do 3 de xullo), pola que se actualiza a oferta educativa de ciclos formativos de artes plásticas e deseño, por ciclo completo e oferta modular, e de estudos superiores de deseño en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde do 15 de xuño de 2009 (DOG do 22 de xuño), aproba o calendario escolar para o curso 2009-2010 nos centros docentes sostidos con fondos públicos

Procede, con todo, establecer para estes centros determinadas instrucións para o desenvolvemento dos seus obxectivos, tendo en conta as súas características de singularidade.

As presentes instrucións serán de aplicación nas Escolas de Arte e Superiores de Deseño e nos centros autorizados de artes plásticas e deseño.

1 PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

1.1.- O equipo directivo de cada EASD elaborará, ao longo do mes de setembro, a Programación Xeral Anual (PXA) de acordo coas propostas do claustro de profesores, en materia docente, e as directrices do consello escolar, ao que lle corresponde a súa aprobación definitiva, e que recollerá o desenvolvemento coordinado das actividades



docentes, as actividades complementarias e extraescolares, e o exercicio das competencias dos diferentes órganos de goberno da EASD

En todo caso, a PXA incluírá, polo menos, os seguintes aspectos:

- A) Obxectivos xerais da EASD
- B) Obxectivos específicos orientados á corrección das deficiencias detectadas, e recollidas na memoria anual do ano académico anterior.
- C) Programación de aula de cada materia ou módulo, que será elaborada polo docente que a imparta, coñecida e avalada polo equipo docente de cada Ciclo Formativo ou Especialidade de estudos superiores.
- D) Programación das actividades lectivas, complementarias e extraescolares que, sendo propostas por algún docente na súa programación, ou sendo propostas polo propio equipo docente, hanse de realizar para a consecución dos obxectivos previstos. Nesta programación deberán figurar as condicións previstas para levar a cabo estas actividades, a súa temporalización, os participantes e os responsables da súa realización.
- E) Plano de acción titorial, no que se incluírá un/unha titor/a de alumnado bolseiro, con expresión do seu cometido.
- F) Adscrición do profesorado.
- G) Agrupamento do alumnado.
- H) Distribución horaria da actividade académica.
- I) Constitución de equipos docentes: a súa composición e os seus coordinadores.
- J) Orzamento.

1.2.- O grao de cumprimento e desenvolvemento dos proxectos curriculares deberá ser valorado ao longo do curso por cada equipo docente para determinar, se fose o caso, as modificacións pertinentes.

1.3.- As Escolas de Arte e Superiores de Deseño elaborarán as súas programacións a partir do documento base do currículo do Ciclo ou do estudo superior correspondente.

1.4.- O profesorado programará a súa actividade docente de acordo co currículo establecido e consonte ao respectivo Proxecto Curricular da súa EASD, xa sexa Ciclo Formativo ou especialidade de Estudo Superior de Deseño. No seu contido inclúranse as directrices xerais contidas nos apartados c), d), f), g) e j) do Art. 66º do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26 de xaneiro), e ademais:

- a) A adecuación dos obxectivos xerais da EASD ao seu contexto cultural e socioeconómico, e ás características do alumnado, tendo en conta o establecido no Decreto 124/2007, do 28 de xuño (DOG do 29 de xuño), polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.
- b) Distribución dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación das distintas materias ou módulos, coa distribución secuencial dos contidos.
- c) Criterios sobre organización dos contidos das distintas materias ou módulos para favorecer o seu tratamento interdisciplinario.



- d) As características e o tipo de informes aos alumnos ou as familias, se é o caso, que se utilizarán para transmitir a información relativa á avaliación.
- e) As programacións didácticas dos departamentos.

A supervisión farase de acordo co previsto no Art. 67º do Decreto 7/1.999, do 7 de xaneiro (DOG do 26 de xaneiro).

2 **ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE**

2.1.- En cada EASD constituirase a Comisión de Coordinación Pedagóxica que estará formada polos seguintes membros: o director ou directora, o xefe ou xefa de estudos, os xefes e xefas de departamento, os coordinadores e coordinadoras de ciclo ou ensinanzas modulares dun mesmo ciclo, os coordinadores e coordinadoras de cada especialidade de Estudos Superiores, o coordinador ou coordinadora do Equipo de Normalización Lingüística, e o coordinador ou coordinadora de FPEET.

2.2.- Para os efectos do cumprimento da Orde do 17 de xullo de 2007 (DOG do 24 de xullo) pola que se regula a percepción do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes, en cada EASD poderase ter en conta a colaboración do profesorado nalgunha das seguintes actividades:

- a) Dinamización das novas tecnoloxías da información e comunicación.
- b) Dinamización da biblioteca.
- c) Dinamización da convivencia escolar.
- d) Dinamización da mellora da calidade educativa.
- e) Dinamización de apoio á xestión económica do centro.
- f) Dinamización doutras actividades análogas que redunden na calidade do ensino, no marco que se estableza no Proxecto Educativo e na PXA da EASD.

2.3.- En cada EASD constituiranse as seguintes Xefaturas de Departamento: debuxo artístico, debuxo técnico, historia da arte, volume e deseño.

3 **CICLOS FORMATIVOS**

3.1.- En cada EASD, ou centro autorizado nomearanse un titor ou titora por cada curso de cada ciclo ou ensinanza modular dun mesmo ciclo, e un coordinador ou coordinadora de FPEET.

3.2.- A titoría e avaliación do módulo FPEET corresponderalle ao titor ou titora do 2º curso de cada Ciclo Formativo, e repartirase, preferentemente, entre o profesorado que imparta docencia no 2º ano do Ciclo, de forma proporcional ás horas de docencia nese ano académico, tendo en conta a especialidade do profesorado, de xeito que garden a maior relación posible, e realizará a súa función segundo se recolle no Art. 11º da Orde



do 1 de decembro de 2008 (DOG do 9 de decembro), dentro do horario que se establece no decreto base do currículo que regula as ensinanzas.

3.3 .- As titorías do módulo do Proxecto ou Obra Final nos ciclos formativos serán exercidas por docentes dese mesmo Ciclo, permitíndolle ao alumnado expresar as súas opcións, dentro das posibilidades de cada EASD. No horario semanal de cada titor ou titora contemplárase, polo menos, unha hora lectiva por cada dous ou como máximo tres alumnos ou alumnas tutelados.

3.4 .- Nomearase, asemade, un coordinador ou coordinadora do módulo de FPEET común a todos os ciclos, quen, auxiliado polos titores do 2º curso da cada ciclo, organizará e supervisará a realización deste módulo.

4 ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO

4.1 .- En cada EASD ou centro autorizado nomearase un coordinador ou coordinadora por cada especialidade de Estudos Superiores de Deseño que se imparta nela, e unha persoa dinamizadora de Programas Internacionais, que organizará e supervisará as accións formativas de ámbito trasnacional que se programen no PXA, ou outras que poidan interesar aos alumnos da EASD.

4.2 .- A organización e desenvolvemento do Proxecto Final, nos Estudos Superiores de Deseño, rexeráse pola Orde do 15 de xullo de 2008 (DOG do 6 de agosto).

5 HORARIO DO PERSOAL DOCENTE

5.1 .- O horario do profesorado rexeráse polo establecido na Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro) pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria e se establece a súa organización funcional (DOG do 9 de agosto). A xornada laboral dos docentes destinados nas Escolas de Arte e Superiores de Deseño será a establecida con carácter xeral para os funcionarios públicos.

5.2 .- O profesorado dedicará trinta horas semanais a actividades docentes. Estas horas terán a consideración de lectivas (entre 18 h. e 20 h.) e complementarias; todas elas estarán recollidas no horario individual de cada docente. O resto do horario, ata completar as trinta e sete horas e media semanais, será dedicado á preparación de clases, corrección de exames e calquera outra actividade complementaria.

5.3 .- A aprobación provisional dos horarios correspóndelle ao director ou directora da EASD e a definitiva ao xefe ou xefa territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo de informe do Servizo de Inspección Educativa, que, en todo caso, verificará a aplicación dos criterios establecidos nas presentes instrucións. Para tal efecto, a dirección da EASD remitirá os horarios, xunto co resto da PXA á



xeftura territorial correspondente, antes do 31 de outubro de 2009. Unha copia desta documentación remitirase á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

5.4.- As modificacións xustificadas do horario que eventualmente puideran xurdir con posterioridade á dita data comunicaranse, á maior brevidade posible, á xefatura territorial, que resolverá nun prazo de 15 días contados a partir da recepción dos novos horarios.

5.5.- A elección dos horarios realizarase segundo a seguinte prelación:

- Profesores/as de Artes Plásticas e Deseño que posúan a condición de catedrático/a.
- Profesores/as de Artes Plásticas e Deseño con destino definitivo.
- Mestres/as de Taller de Artes Plásticas e Deseño con destino definitivo.
- Interinos/as, na orde precedente.

Ademais, a prioridade na prelación estará determinada pola antigüidade no corpo ao que pertencen os docentes, agás para o grupo primeiro, que quedará determinada pola antigüidade na adquisición da condición de catedrático.

5.6.- En virtude do establecido no punto 4º da Orde do 1 de setembro de 1987, (DOG do 11 de setembro) a xornada lectiva dos órganos unipersoais e de coordinación didáctica poderá reducirse, segundo a dispoñibilidade do profesorado, ata un máximo de:

- Directores, xefes de estudos e secretarios: dende un mínimo de 6 horas ata un máximo de 14 horas lectivas semanais.
- Vicedirectores: Ata seis horas lectivas semanais, como máximo.
- Coordinador/a de Ciclo ou especialidade de Estudos Superiores, xefes/as de departamento, coordinador/a do Equipo de Normalización Lingüística, coordinador/a de FPEET, coordinador/a de Programas Internacionais, titores/as de curso: ata 3 horas lectivas semanais, como máximo.
- Gardas: entre 1 hora e 2 horas.

5.7.- En función das necesidades do centro, as horas complementarias non fixas recollidas no horario semanal individual de cada profesor/a distribuiranse do seguinte xeito:

- Representantes do profesorado no Consello Escolar: 2 horas.
- Reunións de equipo docente de Ciclo formativo, ou Estudos Superiores: 2 horas.
- Membros da Comisión Pedagóxica: 1 hora.
- Membros da Comisión Económica: 1 hora.

5.8.- A asistencia ás reunións formalmente convocadas é obrigatoria para o profesorado, e a falta de asistencia a estas reunións terá a consideración de falta en



horario lectivo. O control de asistencia do profesorado ás reunións formalmente convocadas correspóndelle ao docente que as convoca e preside, quen informará por escrito ao xefe de estudos de calquera falta de asistencia ou puntualidade, no prazo de dous días hábiles.

5.9.- O profesorado de garda atenderá aos grupos de alumnado que se atopen sen profesor por calquera circunstancia, se neles houberse algún alumno ou alumna menor de idade, e anotará no libro de gardas correspondente as ausencias e as demoras do profesorado e calquera outra incidencia que se puidera producir.

5.10.- Os Directores das Escolas de Arte e Superiores de Deseño deberán remitir ao Servizo de Inspección Educativa, antes do día 5 de cada mes, os partes de faltas do mes anterior elaborados polo xefe de estudos. Os partes incluírán as ausencias ou demoras referidas ás horas de obrigada permanencia do profesorado na EASD, de acordo co seu horario persoal, con independencia de que estea ou non xustificada a ausencia. Xunto co parte de faltas remitiranse os xustificantes da ausencia que se teña producido. Incluírase tamén unha relación das actividades complementarias ou extraescolares realizadas polo profesorado que non consten nos horarios individuais, indicando o profesorado participante e as horas empregadas.

5.11.- As solicitudes de permiso para ausentarse do seu posto de traballo, tanto no caso do persoal docente coma non docente, cando corresponda á dirección a súa concesión ou denegación, seralle presentada por escrito ao director ou directora con tres días hábiles de antelación. De non ser isto posible, a xustificación da ausencia seralle presentada ao director ou directora antes dos tres días hábiles posteriores a terse producido a falta. No caso de levar a cabo unha actividade extraescolar ou lectiva fóra da EASD, o profesor ou profesora correspondente comunicarlle, por escrito e con antelación ao xefe ou xefa de estudos, o horario e circunstancias da actividade. Unha copia do parte de faltas remitido ao Servizo de Inspección Educativa farase pública na sala de profesores e outra copia quedará na secretaría da EASD ao dispor das autoridades académicas.

5.12.- Ante calquera falta ou demora inxustificada a xuízo do xefe ou xefa de estudos, o director comunicarlle por escrito ao profesor ou profesora correspondente que pon este feito en coñecemento do xefe ou xefa territorial, para a correspondente dedución de haberes, se procede.

5.13.- No último trimestre do 2º ano académico, e no período comprendido entre a sesión de avaliación final dos módulos de formación na EASD, e a avaliación final do ciclo formativo, os membros do equipo docente de cada Ciclo, realizarán, entre outras, as seguintes actividades:

- a) Impartir actividades de recuperación ao alumnado que teña pendente de superar algún módulo. Para tal fin, a xefatura de estudos, co apoio do coordinador do Ciclo Formativo, elaborará o novo horario do profesorado que resulte con horas vacantes,



que se lle dará a coñecer ao profesorado, ao alumnado e, de ser o caso, aos pais ou tutores legais.

- b) Realización de actividades de avaliación e cualificación extraordinaria do alumnado con módulos profesionais pendentes.
- c) Aquelas outras que o director da EASD lles encomende dentro das súas competencias.

5.14 .- No período comprendido entre a segunda avaliación parcial e a avaliación final ordinaria o profesorado dos Estudos Superiores realizará, entre outras, as seguintes actividades:

- a) Probas de recuperación para o alumnado que teña pendente de superar algunha materia específica. Para tal fin, a xefatura de estudos, co apoio do coordinador ou coordinadora da especialidade, elaborará o horario para as ditas probas, que se lle dará a coñecer ao profesorado, e ao alumnado.
- b) Realización de actividades de recuperación destinadas ao alumnado con materias específicas pendentes.
- c) Aquelas outras que o director ou directora da EASD lles encomende dentro das súas competencias.

6 MATRÍCULA

6.1.-CICLOS FORMATIVOS

6.1.1.- A matrícula efectuarase, de acordo co calendario das probas de acceso, para o alumnado que obteña praza para cursar o 1º curso, por calquera das quendas, os días 21, 22 e 23 de setembro, e para o alumnado que obteña praza pola adxudicación de prazas vacantes na resolución definitiva da comisión autonómica de escolarización, ata o 30 de setembro. A matrícula para o Proxecto ou Obra Final para a convocatoria de outubro- decembro realizarase segundo o calendario establecido por cada EASD, e non máis tarde do 9 de outubro de 2009. Para o alumnado que non supere os módulos de FPEET e/ou Proxecto ou Obra Final na convocatoria realizada de outubro-decembro, abrirase un prazo de matrícula, segundo o calendario establecido pola EASD que non será superior aos dez días hábiles seguintes ao da avaliación final ordinaria do 2º curso do Ciclo Formativo.

6.1.2.- Nas Escolas de Arte e Superiores de Deseño e nos Ciclos en que exista lista de espera de aspirantes ao ingreso que reúnan as condicións para poder matricularse, aos alumnos matriculados seralles de aplicación o disposto no artigo 6º da Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se regula a organización, a avaliación e a acreditación académica das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de decembro), xa citada.



6.1.3.- Os traslados de matrícula viva deberanse tramitar a través do Servizo de Inspección Educativa correspondente. No informe de avaliación deberán constar, de xeito claro, os módulos que están en primeira ou en segunda matrícula, así como os tipos de avaliación (ordinaria ou extraordinaria) a que foi sometido o alumnado nos módulos non superados.

6.1.4.- O alumnado que esgote as catro convocatorias establecidas no artigo 2º.2 da Orde do 1 de decembro de 2008, pola que se regula a organización, a avaliación e a acreditación académica das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de decembro) poderán solicitar, a partir da data en que lle sexa comunicada a cualificación que motive o esgotamento de convocatorias, perante a dirección da EASD unha convocatoria extraordinaria, por motivos de enfermidade que lle impidise o normal desenvolvemento dos estudos, ou outras causas que merezan igual consideración, achegando a documentación que corresponda, e sen que a falta de rendemento escolar poida considerarse como tal. As Escolas de Arte e Superiores de Deseño remitirán á xefatura territorial correspondente, agás no caso do módulo de Obra ou Proxecto Final, no prazo de cinco días hábiles, as solicitudes de convocatoria extraordinaria presentadas polo alumnado, acompañadas dun informe da xefatura de estudos e co visto e prace do director, no que constarán cantas circunstancias sexan relevantes. As xefaturas territoriais, logo do informe do Servizo de Inspección Educativa, remitirán no prazo de dez días hábiles os expedientes á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que resolverá sobre cada solicitude individualmente.

6.1.5.- No módulo Proxecto ou Obra Final, a Dirección da EASD, con carácter excepcional, poderá autorizar unha convocatoria extraordinaria, no suposto de que se desen as mesmas circunstancias que se sinalan no punto anterior.

6.1.6.- A renuncia á matrícula, por parte do alumnado axustarase ao disposto nos artigos 4º e 5º da Orde do 1 de decembro de 2008 (DOG do 9 de decembro), xa citada.

6.2 .-ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO

6.2.1. Sen prexuízo do establecido no calendario escolar na Orde do 15 de xuño de 2009, (DOG do 22 de xuño), a matrícula efectuarase, para o alumnado que obteña praza por resolución definitiva do tribunal que xulgará as probas de acceso en cada EASD, os días 21, 22 e 23 de setembro de 2009, e para o alumnado que obteña praza pola adxudicación de vacantes por parte da Comisión Autonómica de Escolarización, ate o 30 de setembro de 2009.

6.2.2.- Nas Escolas de Arte e Superiores de Deseño e nas especialidades en que exista lista de espera de aspirantes que reúnan as condicións para poder matricularse, aos alumnos matriculados que durante os primeiros dez días lectivos non asistan nin xustifiquen a súa ausencia, seralles advertido por escrito de que a súa praza escolar podería ser ocupada polo seguinte aspirante con mellor dereito. De persistir a falta de



asistencia, ou da súa xustificación, o equipo directivo da EASD decidirá sobre a súa provisión.

6.2.3.- Os traslados de matrícula viva deberanse tramitar a través do Servizo de Inspección Educativa correspondente. No informe de avaliación deberán constar, de xeito claro, as materias específicas coas convocatorias esgotadas de ser o caso, así como os tipos de avaliación (ordinaria ou extraordinaria) a que foi sometido o alumnado nas materias non superadas.

6.2.4.- Ao alumnado que teña esgotadas as convocatorias establecidas no Art. 10º. do Decreto 233/2005, do 14 de xullo (DOG do 12 de agosto) seralles de aplicación o disposto no Art. 4º da Orde do 25 de abril de 2007 (DOG do 9 de maio)

6.2.5.- No Proxecto Final, a dirección da EASD, con carácter excepcional, poderá autorizar unha convocatoria extraordinaria, no suposto que se desen as mesmas circunstancias sinaladas no punto anterior, que impedisen o seu normal desenvolvemento.

7 ORGANIZACIÓN HORARIA

7.1 CICLOS FORMATIVOS

7.1.1.- As Escolas de Arte e Superiores de Deseño organizarán as ensinanzas dos ciclos formativos de acordo coa distribución horaria que se especifica nos decretos que regulan as ensinanzas de cada Ciclo Formativo para a Comunidade Autónoma de Galicia. As horas de libre disposición da EASD que figuran no primeiro ano dos horarios serán utilizadas para reforzar as capacidades da formación artística de base, ou da formación profesional artística específica, para darlles resposta ás características do alumnado, e ás necesidades de desenvolvemento económico, social e de recursos humanos do seu contorno produtivo.

7.1.2.- Ao alumnado que iniciara os estudos en administracións educativas nas que a programación dos módulos estea secuenciada en períodos educativos diferentes aos desta Comunidade, o xefe ou xefa de estudos, xunto co coordinador ou coordinadora do equipo docente que corresponda, confeccionaralles un horario o máis favorable posible, dentro das posibilidades horarias da EASD, e informará das medidas acordadas, a través da dirección, ao inspector ou inspectora a da EASD.

7.2.- ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO

7.2.1.- As Escolas de Arte e Superiores de Deseño organizarán as ensinanzas superiores de deseño de acordo coa distribución horaria que se especifica no decreto que regula as ensinanzas superiores de deseño para a Comunidade Autónoma de Galicia.



7.2.2.- O alumnado que iniciara os estudos en administracións educativas nas que a programación estea secuenciada en períodos educativos diferentes aos desta Comunidade, o xefe ou xefa de estudos, de acordo co coordinador ou coordinadora da especialidade que corresponda, confeccionaralle un horario o máis favorable posible, dentro das posibilidades horarias da EASD, e informará das medidas acordadas, a través da Dirección, ao inspector ou inspectora da EASD.

8 FORMACIÓN EN EMPRESAS, ESTUDOS OU TALLERES (FPEET)

O desenvolvemento dos módulos de FPEET correspondentes aos ciclos formativos, farase adaptándose no posible, para as Escolas de Arte e Superiores de Deseño ao previsto na Orde do 28 de febreiro de 2007 (DOG do 8 de marzo), pola que se regula o módulo profesional de Formación en Centros de Traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

9 BAIXA DE OFICIO DA MATRÍCULA E PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA NOS CICLOS FORMATIVOS

As ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño teñen carácter presencial. En consecuencia, ao alumnado que non asistira con regularidade ás actividades lectivas, seralle de aplicación o disposto nos artigos 7º e 14º da Orde do 1 de decembro de 2008(DOG do 9 de decembro), xa citada.

10 DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA DE MÓDULOS

10.1.- CICLOS FORMATIVOS

Estarase ao disposto na Orde do 1 de decembro de 2008, (DOG do 9 de decembro), xa citada, de xeito que para os módulos do primeiro curso deberase establecer, un plan de recuperación durante o mes de xuño, entre a terceira avaliación e a avaliación final ordinaria, para aquel alumnado que non tivese adquiridas as capacidades terminais establecidas para cada módulo. O período destinado ás actividades de recuperación para o alumnado que non acceda á FPEET abranguerá dende a avaliación final ordinaria de módulos, ate o final do curso.

A dirección da EASD habilitará o horario do profesorado necesario para desenvolver as actividades de recuperación establecidas para este alumnado, na derradeira sesión de avaliación ordinaria final de módulos.

Os labores de recuperación do alumnado con módulos pendentes serán asumidos polo profesorado que libera horario docente durante este período. O desenvolvemento destas actividades de recuperación asignaráselle a cada profesor en función da súa especialidade docente, da organización do departamento e da reestruturación do



horario para este período. O novo horario elaborado será comunicado ao Servizo de Inspección Educativa.

A sesión de avaliación final extraordinaria celebrarase antes do 30 de xuño.

10.2.- ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO.

Durante o mes de xuño realizaranse as actividades e probas de recuperación para aqueles alumnos que non superasen as materias específicas correspondentes durante o desenvolvemento regular do curso, e ao seu remate realizarase a avaliación final ordinaria.

Durante a primeira quincena do mes de setembro realizaranse as probas de recuperación para aquel alumnado que non superase as materias específicas correspondentes na avaliación final ordinaria e ao remate das mesmas realizarase a avaliación final extraordinaria.

As probas de recuperación definiranse nas correspondentes programacións de cada materia específica. Cando as ditas probas avalíen a totalidade dos contidos das diferentes materias adaptaranse aos seguintes criterios mínimos de duración:

- a) Nas materias específicas teóricas establécese unha duración mínima de dúas horas.
- b) Nas materias específicas prácticas, agás os proxectos básicos e os proxectos da especialidade, establécese unha duración mínima de catro horas.
- c) Nas materias específicas de proxectos básicos e nos proxectos de cada especialidade, establécese unha duración mínima de dezaseis horas.

11	COMPATIBILIDADE, HORARIO E AVALIACIÓN DO ALUMNADO QUE
CURSA AS	ENSINANZAS TRAS A FORMALIZACIÓN DUNHA SEGUNDA
MATRÍCULA	

11.1.-CICLOS FORMATIVOS

O calendario das actividades de recuperación e a avaliación, a súa compatibilidade co resto de actividades docentes, e a cualificación do alumnado que deban seguiras, farase en cada EASD segundo o establecido nas seccións IV e V da Orde do 1 de decembro de 2008, xa citada (DOG do 9 de decembro).

Para a promoción de curso será necesario que a suma da carga horaria dos módulos non superados non exceda do 25% do total do primeiro curso, sen contar as horas de libre disposición. O alumnado que non promocioe deberá repetir os módulos non superados.



O alumnado que promociione con módulos pendentes de superar, poderá superalos na última avaliación parcial realizada antes da realización do módulo FPEET, que para estes alumnos terá carácter da avaliación final, facendo constar este extremo na acta de avaliación correspondente.

O alumnado que repita ciclo constituirá un grupo diferenciado para os efectos de sesión de avaliación e xestión administrativa das correspondentes actas, e nelas figurarán todos os módulos do curso que se trate, consignándose os xa superados coas iniciais: AM.

11.2.- ESTUDOS SUPERIORES DE DISEÑO

11.2.1. Para a promoción de curso nos Estudos Superiores de Deseño será necesario que a suma dos créditos correspondentes a materias non superadas do curso ou cursos precedentes, non exceda do 25% da suma de créditos asignados ao curso ao que se promociona, segundo o correspondente currículo. O alumnado que promociione cursará todas as materias que constitúen o curso seguinte e de ser o caso, as materias específicas do curso ou cursos anteriores non superadas.

11.2.2. O alumnado que deba permanecer un ano máis nun curso por non ter cumprido os requisitos de promoción cursará obrigatoriamente as materias non superadas sempre que non esgotara o número de convocatorias. As materias con cualificación positiva non volverán a ser cursadas.

12 VALIDACIÓNS E CORRESPONDENCIAS

12.1. - CICLOS FORMATIVOS

A dirección da escola resolverá sobre as validacións entre os módulos de distintos ciclos formativos de Artes Plásticas e Deseño, segundo a Orde ECI/3058/2004, do 10 de setembro de 2004 (BOE do 27 de setembro) tanto no caso de alumnos da escola que dirixe coma no caso dos alumnos matriculados nun centro autorizado e adscrito a ela.

O alumnado que, seguindo o procedemento establecido na anterior orde, estea pendente de validación nalgún módulo, deberá asistir ás clases e ser avaliados nestes módulos ata que a validación se faga efectiva. Se a confirmación da validación é posterior ás avaliacións finais, deberanse facer as dilixencias oportunas de modificación da cualificación en todos os documentos oficiais: actas, expediente académico e libro de cualificacións.



A correspondencia entre módulos ou a FPEET, coa práctica laboral recoñecerase segundo o establecido no Art. 26º da Orde do 1 de decembro de 2008, (DOG do 9 de decembro), xa citada.

12.2. ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO

As validacións das materias dos Estudos Superiores de Deseño serán obxecto de resolución individualizada pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, conforme establece a Orde ECI/1217/2004, do 3 de maio, de competencias do Ministerio de Educación.

A tal fin, o interesado deberá remitir, no primeiro trimestre do curso, instancia de solicitude de validación dirixida ao director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa do Ministerio de Educación, aportando a seguinte documentación: fotocopia do DNI, certificación académica oficial dos estudos cursados onde consten superadas as materias ou módulos nos que se sustenta a solicitude, e certificación da Escola de Arte e Superior de Deseño de atoparse matriculado nas materias para as que solicita a validación. O Ministerio de Educación poderá solicitar ao interesado aqueles documentos acreditativos que estime oportunos para a resolución das mesmas.

O alumno ou alumna a quen se lle recoñeza a validación solicitada, comunicarlle este extremo ao director ou directora da escola, co obxecto de poder facelo constar no expediente académico do alumno ou alumna e nas actas que corresponda.

13 RENUNCIA Á MATRÍCULA E CONVOCATORIA

13.1 .- CICLOS FORMATIVOS

Estarase ao disposto no artigo 5º da Orde do 1 de decembro de 2008, xa citada (DOG do 9 de decembro). No caso de que o alumno ou alumna presente a súa solicitude de renuncia fóra do prazo establecido, será competencia do director ou directora da escola considerar a mesma como fundamentada en causas sobrevidas, sen prexuízo da presentación, por parte do solicitante da documentación que corresponda. Da resolución por parte do director ou directora daráselle traslado ao inspector ou inspectora da escola. A renuncia á matrícula nun ciclo formativo é incompatible coa matrícula noutro ciclo formativo do mesmo réxime de ensinanza. A incorporación aos estudos, de ser o caso, implica a necesidade de someterse a un novo proceso de admisión.

13.2. - ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO.

Estarase ao disposto no artigo 4º da Orde do 25 de abril de 2007, (DOG do 9 de maio). No caso de solicitudes de anulación de matrícula presentadas fóra de prazo, será competencia do director ou directora da escola considerar as mesmas como fundamentadas en causas sobrevidas, sen prexuízo da presentación, por parte do



solicitante, da documentación que corresponda. Da resolución do director ou directora daráselle traslado ao inspector ou inspectora da escola.

14 CURSOS MONOGRÁFICOS

Cando as disponibilidades de profesorado e as instalacións o permitan, as Escolas de Arte e Superiores de Deseño poderán realizar matrícula para os cursos monográficos segundo o establecido na Orde do 13 de xuño de 1984 (BOE do 19 de xuño) comunicando con anterioridade esta circunstancia á correspondente Xefatura Territorial, e a esta Dirección Xeral. Estes cursos desenvolveranse en horario de tarde ao longo de todo o curso académico. O profesorado que imparta docencia nos cursos monográficos, fará a programación dos mesmos segundo as directrices xerais contidas no apartado 1.4 desta circular. Ademais, no seu contido incluírán a familia profesional coa que están relacionados e a súa distribución horaria.

15 OFERTA MODULAR DE CICLOS FORMATIVOS

Aquelas persoas que sen matricularse nun Ciclo completo vaian realizar algún dos módulos soltos que recolle a Orde do 25 de xuño de 2007 (DOG do 11 de xullo) ateranse ao establecido na Resolución do 1 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas de artes plásticas e deseño para o curso 2009-2010 (DOG do 17 de xuño), e aos prazos de matrícula establecidos para estes efectos na presente circular.

O profesorado programará a súa actividade docente na oferta modular tendo en conta as directrices xerais contidas no apartado 1.4 desta circular.

Unha vez superado o módulo obterase unha certificación de este extremo, sen prexuízo de que unha vez superados todos os módulos de que consta o ciclo, este poida facerse efectivo para obter o título de técnico ou técnico superior no ciclo formativo de artes plásticas correspondente, sempre que se teña superada a correspondente proba de acceso.

No caso de que quedaran prazas vacantes na oferta modular, estas poderán ser cubertas en réxime de curso monográfico sen o requisito de ter superada a proba de acceso. Nestes casos abrirase un prazo de matrícula ata o 30 de setembro, e as solicitudes atenderanse por estrita orde de solicitude.

16 DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

O alumnado ten recoñecido os dereitos e está obrigado aos deberes que establece o Real Decreto 732/1995, do 5 de maio (BOE do 2 de xuño). As Escolas de Arte e



Superiores de Deseño deberán seguir o procedemento establecido nel para a aplicación de sancións disciplinarias.

17 CENTROS AUTORIZADOS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

As Escolas de Arte e Superiores de Deseño ás que estean adscritos os centros autorizados de arte tramitarán e custodiarán, polo menos, os seguintes documentos: actas das probas de acceso, expedientes do alumnado, actas finais, libros de cualificacións, emisión de certificacións, traslados de expedientes, solicitudes e resolucións de convocatorias extraordinarias e validacións de módulos ou materias e as solicitudes de expedición de titulacións.

Estes centros autorizados deberán cumprir, naqueles aspectos que lles afecten, co disposto nesta circular.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2009.

O DIRECTOR XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E
INNOVACIÓN EDUCATIVA



José Luís Mira Lema